

# tulipanes

## PROPOSTA ARTÍSTICA

Dloira, compañía en constante evolución, presenta o seu terceiro proxecto, “Tulipanes”.

En “Macho”, o segundo proxecto da compañía plantexábase un traballo onde se convida ao espectador a un ánimo contemplativo e a unha meditación de actividade interior, propoñendo e convertindo a danza nunha **instalación/escultura** onde se discuten conceptos sobre o estatismo, a pintura, o non movemento, a presenza.

En “Tulipanes” é a búsqueda na **hibridación/contaminación** con outras disciplinas escénicas ( teatro, clown, cine mudo...) o motivo para colocar a danza nun lugar onde a importancia radica na interacción co espectador , convertíndose éste en parte activa do traballo, rompendo as liñas que separan a éste e o bailarín/actor.

O actor /bailarín minimiza o espazo que hai entre él e o espectador, na que non deixa fisuras para o prexuizo e así convírteno nun espello cercano no que mirarse e **identificarse** más alá do espazo privado no que só existen tulipanes para contemplar. Así o actor/bailarín pasa a ser espectador ,e o espectador actor/bailarín.

## PROPOSTA POÉTICA

Un presidente da república francesa estivo a punto de dar na diana cando, en pleno discurso ante cincocentos parlamentarios europeos en Estrasburgo abandonou de pronto o texto escrito e, levantando a mirada e aúa man esquerda cara o auditorio , preguntou: “ ¿É a soedade , a soedade entre a muchedumbre, a peor? ¿Que facer coa propia vida? ¿Acaso o mal radica aí? Tal vez sí! ¿Que facer coa propia vida? ¿Para que vive un? ¿Que transmitir? ¿Que valores levar con nós no breve tempo que se nos concede entre o nacemento e a morte? ¿Que facer coa propia vida?”

Eduardo Punset en *El viaje al amor*

A sociedade contemporánea é a extensión do individuo e plantexa novos modelos de relación no que un é más **individuo**.

Aparece así a soedade como refuxio no que non hai friccións co mundo exterior, acumulando, coleccionando e atopando elementos inertes nos que vernos reflectidos para devolvernos más, más e más **soedade**.

É neste momento cando sucede o impulso puro de “ir ata” o outro. Desequilibrios, seducción, empatía, **comunicación**.

O movemento e a danza como instrumento da búsqueda da **estabilidade**, do amparo e do sosiego, no medio da inestabilidade na que estamos feitos e afeitos.

## FICHA ARTÍSTICA

Autor , dramaturxia e dirección: **David Loira**  
Axudante de dirección: **Carlos Neira**  
Axudante de coreografía: **Kirenia Martínez**  
Actor, bailarín: **David Loira**  
Deseño de Iluminación: **Octavio Mas**  
Fotografía/ Deseño: **Manu Lago**

